



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B GCS	Documento 10519110WP	
Código de verificación 	Expediente 105/2025/1520	
4647 3Y46 2K1L 5F1A 0NVR	Fecha 17-09-2025	

ANUNCIO RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE BOLSAS COMEDOR PARA O CURSO ESCOLAR 2025/2026

1.- DA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O PAGAMENTO DE BOLSAS COMEDOR POLA CONCELEIRA DELEGADA DO AREA DE BENESTAR SOCIAL, PARTICIPACIÓN E IGUALDADE

A concelleira delegada responsable da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local, ditou resolución de data 12/03/2025 na que aprobou a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o curso escolar 2025/2026.

Logo da tramitación do procedemento administrativo previsto na convocatoria, realizada a proposta definitiva de resolución polo órgano instrutor do procedemento, e tendo en conta as aceptacións e renuncias realizadas polas persoas interesadas, a Concelleira delegada responsable do Area de Benestar Social, Participación e Igualdade resolveu o 17/09/2025 (RES/AYT/16107/2025):

PRIMEIRO.- Conceder as axudas económicas solicitadas para o pagamento do comedor escolar para o curso escolar 2025/2026, de conformidade co apartado 13 da convocatoria aprobada pola concelleira delegada de Benestar Social o 12/03/2025, que se recollen no documento denominado TABLA BDNS.- BOLSA COMEDOR 2025.2026 (CSV).

Aos efectos de dar publicidade ás axudas económicas considéranse concedidas as axudas solicitadas para o pagamento dos comedores escolares no curso 2025/2026 que se recollen no documento denominado LISTAXE RESOLUCIÓN DEFINITIVA BOLSA COMEDOR 2025.2026_USO PÚBLICO (CSV 1L1Z 7136 326T 6SSH 0L4M) e nas que se indica na columna "RESULTADO_BECA" o seguinte literal:

- Concedida: tras aplicar os criterios de valoración
- Concedida: concesión automática
- Concedida: tras valoración de alegacións

De conformidade co apartado 13.3 da convocatoria aprobada por Resolución da Concelleira delegada de Benestar Social, a resolución de concesión retroaerá os seus efectos económicos á data do inicio da prestación dos servizo de comedor escolar.

O gasto derivado da concesión destas axudas realízase con cargo ao crédito previsto para esta finalidade na aplicación orzamentaria 51.231.22723, quedando en todo caso o importe de 2026 subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal nesa anualidade.

Programa Bolsas de comedor	Exercicio 2025	Exercicio 2026	TOTAL
CREDITO RETIDO BOLSAS COMEDOR 2025.2026	685.000,00 €	1.568.000,00 €	2.253.000,00 €
Gasto Total Bolsas de comedor concedidas:	653.968,22 €	1.541.870,46 €	2.195.838,68 €
Retido dispoñible do programa	31.031,78 €	26.129,54 €	57.161,32 €



Concello da Coruña

SEGUNDO.- Denegar as axudas económicas solicitadas para o pagamento do comedor escolar para o curso escolar 2025/2026 denominado LISTAXE RESOLUCIÓN DEFINITIVA BOLSA COMEDOR 2025.2026_USO PÚBLICO (CSV 1L1Z 7136 326T 6S5H 0L4M) e nas que se indica na columna "RESULTADO_BECA" o seguinte literal:

- Denegada: non queda acreditado o cumprimento de requisitos
- Denegada: non acada a puntuación mínima
- Denegada: supera ingresos
- Desiste: non emenda documentación obrigatoria
- Denegada: tras aplicar os criterios de prelación
- Denegada: imposibilidade cálculo capacidade económica unidade familiar
- Denegada: presentada fóra de prazo

TERCEIRO.- Aceptar a desistencia das solicitudes de axuda económica para o pagamento do comedor escolar para o curso escolar 2025/2026 e declarar concluído o procedemento que figuran no documento LISTAXE RESOLUCIÓN DEFINITIVA BOLSA COMEDOR 2025.2026_USO PÚBLICO (CSV 1L1Z 7136 326T 6S5H 0L4M) e nas que se indica na columna "RESULTADO_BECA" o seguinte literal:

- Desistimiento individual
- Desiste: no subsana documentación obrigatoria

Debe sinalarse que no caso do motivo de desistimiento por falta de emenda de documentación obrigatoria, formulouse requirimento ao interesado para a emenda da súa solicitude sen que se atendese o requirimento ou se atendese correctamente ao mesmo, polo que, tratándose de documentación obrigatoria, non foi posible a valoración do seu expediente. No resto dos casos, a desistencia realizouse directamente polas persoas interesadas no procedemento, tal e como figura no seu expediente individual.

CUARTO: Inadmitir a trámite as solicitudes de axuda económica para o pagamento do comedor escolar para o curso escolar 2025/2026 que figuran no documento LISTAXE RESOLUCIÓN DEFINITIVA BOLSA COMEDOR 2025.2026_USO PÚBLICO (CSV 1L1Z 7136 326T 6S5H 0L4M) e nas que se indica na columna "RESULTADO_BECA" o seguinte literal:

- Presentada fuera de prazo

QUINTO.- Notificar colectivamente esta resolución mediante anuncio publicado no taboleiro de anuncios e edictos do concello da Coruña e nos medios sinalados no apartado 12.2 da convocatoria aprobada pola Concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade o 12/03/2025 indicando, que a resolución da Concelleira pon fin á vía administrativa e contra ela, poderá interpoñerse, de conformidade co apartado 13 da convocatoria:

- Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación do acordo (art. 123 e seguintes da Lei 39/15, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso administrativo, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa

2.- LISTAXES QUE SE ACOMPAÑAN COA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O PAGAMENTO DE COMEDORES ESCOLARES NO CURSO 2025/2026

Tal e como sinala o apartado 12.2 e 13.2 da convocatoria de axudas para o pagamento de comedores escolares no curso 2025/2026, a resolución que poña fin ao procedemento será notificada de xeito colectivo mediante a publicación dun anuncio no taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica municipal (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>).

Tamén poderá consultarse a información relativa a resolución da convocatoria nos seguintes medios:

- Páxina web municipal (www.coruna.gal/servizossociais)
- Teléfono de información cidadá 010 do Concello da Coruña.

Xunto co anuncio, publícanse tamén as seguintes listaxes, que de conformidade co previsto no apartado 8.4 da convocatoria farán referencia ao código do expediente individual da persoa solicitante:



Concello da Coruña

- LISTAXE RESOLUCIÓN DEFINITIVA BOLSA COMEDOR 2025.2026_USO PÚBLICO

Esta listaxe anonimizada recolle ordenado por código de expediente, de maior a menor todas as solicitudes presentadas e o resultado da valoración, así como a puntuación obtida de ser o caso, inadmisións a trámite das axudas, desistimentos e outras circunstancias.

No caso de que o resultado da valoración fose unha concesión, achegárase o dato do centro educativo no que o menor figura matriculado a efectos informativos.

CSV 1L1Z 7136 326T 6S5H 0L4M

- LISTAXE TOTAL DE SOLICITUDES PRESENTADAS A CONVOCATORIA 2025/2026 E EXPEDIENTE INDIVIDUAL ASOCIADO_USO PÚBLICO

Esta listaxe recolle todas as solicitudes presentadas na convocatoria referenciadas ao código de asento de entrada da solicitude, así como o expediente individual asignado. Publícase en cumprimento do previsto no apartado 8.7 da convocatoria. , 8.7.- Todas as listaxes obxecto de publicación sinalados nos art. 12 e 13 desta convocatoria,

CSV 1660 4M59 4U0N 6K29 0AZ9

3.- APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE RECURSOS CONTRA A RESOLUCIÓN DA CONCELEIRA DELEGADA QUE RESOLVE O PROCEDIMENTO.

A notificación colectiva publicada no taboleiro de anuncios e edictos municipal, abrirá un prazo, que se contará dende o día seguinte ao da publicación, para que os interesados poidan interpor calquera dos seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación do acordo (art. 123 e seguintes da Lei 39/15, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso administrativo, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.

Segundo a data prevista da publicación do anuncio, o prazo para presentar recurso potestativo de reposición será do 18/09/2025 al 17/10/2025.

4.- RECORDATORIO DE OBRIGAS DERIVADAS DA CONDICIÓ DE PERSOA BENEFICIARIA.

Recórdase as persoas beneficiarias que, durante toda a actividade subvencionada:

- Deberán manter o cumprimento dos requisitos do apartado 6 da convocatoria e os que derivan das propias condicións da actividade subvencionada así como cumprir coas obrigas inherentes ás persoas beneficiarias que recolle o apartado 7 da convocatoria. En caso de se detectar incumprimentos, estes poderán levar a revogación da axuda concedida.
- Deberán someterse ás actuacións de comprobación que efectúe tanto o órgano outorgante como os de control financeiro, achegando a información ou documentación que se lle requira en relación co seguimento da axuda ou o exercicio das facultades de control.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

O órgano instructor,a xefa de servizo de Acción Social